

## NOTAS PARA O ESTUDIO DO SAL EN GALICIA. PERIPECIAS DUNHAS SALINAS

Francisco CALO LOURIDO

Nunha terra como a galega, con 1 195 km de costa e unha importantísima historia mariñeira, conseguir sal con que trata-la pesca foi un obxectivo prioritario para os habitantes da beiramar. As características do noso litoral, xunto coa forza dos temporais, a cantidade de días chuviosos e o enorme aporte de augas doces que os ríos verten continuamente na maior parte das comboas susceptibles de se converter en salinas fixeron que, desde sempre, fomos deficitarios neste mineral, precisando da súa continua importación. Con todo, coñecemos moitos esforzos encamiñados a paliar esta situación ou a tentar supli-lo sal estranxeiro cando as guerras ou as tensións políticas, sobre todo con Portugal, principal abastecedor, así o facían necesario.

Precisamente na explotación do sal mariño está un dos factores, non esencial, pero, conxugado con outros, si importante para explica-la formación das comunidades de pescadores (Cfr. CALO, 1993: 201-220 e ID, 1996). Imos desenrolar este cativo artigo, adicado á memoria do noso mestre e amigo Carlos Alberto, dando unhas poucas pinceladas, a xeito de extrapolacións, sobre o permanente interese galaico polo sal para, nunha segunda parte, dar a coñecer uns datos inéditos sobre a feitura e vicisitudes dunha salina pontevedresa.

Descoñecemos-la época na que se escomenzou a beneficia-lo sal mariño no Noroeste, pero si sabemos que os romanos foron festonando a beiramar de *villae* ou factorías de salga que as excavacións, caso das de Adro Vello no Grove, ou as maruxías van deixando ó descuberto, como son as da Praia de Area en Viveiro (VÁZQUEZ SEIJAS, 1952), Angeiras (ALMEIDA, 1969) ou Póvoa de Varzim (ALMEIDA, 1972). Descoñecemos se o sal viña do sur ou se se apañaba ó pé dos enclaves salazoneiros.

Na Idade Media xa empezan a ser frecuentes os restos materiais de salinas ou os datos documentais referentes a elas, tanto na costa norte de Portugal como na actual Galicia, onde a primeira cita coñecida referencia a doazón que no ano 886 fai Alfonso III á igrexa de Santiago, previa confiscación ó conde Hermenexildo Pérez, dunhas salinas e viveiros entre Padrenda e A Lanzada. Os mosteiros, caso do de Celanova, xa desde a nai de San Rosendo, recibirán outras (Cfr. BARREIRO SOMOZA, 1988: 246).

Para o norte de Portugal hai varios documentos do S. XI que falan de «cortes de salinas» e as Inquiriçōes relacionan outras na foz do Lima que se rexían por unha usanza que fai remonta-la explotación ó tempo antigo. En 1258 menciónanse outras na foz do Douro, especificando que son todas reguengas (Cfr. SAMPAIO, 1979: 58-59 e 71). Pero xa Afonso Enriquez tiña lexislado sobre as salinas de Fão, concedendo o décimo ó convento de N.S. da Atalaia, e desde o S. X os escandinavos ían procurar sal a Portugal, sobre todo a Setúbal (MOUTINHO, 1985: 15-16).

Brochado de ALMEIDA (1979) excavou unhas instalacións salineiras en Lontreiras (foz do Neiva), dando conta doutras en S. Bartolomeu do Mar e Belinho; fai unha relación das existentes na costa N. de Portugal a partir do S. X e di que proliferan no S. XI, aumentan no XII e decaen logo do XIII; aínda se construírán outras no S. XV en Matosinhos e Caminha, pero non poderán competir cos grandes centros do Texo, Sado, Vouga e Mondego. Neste S. XV as carabelas de Viana cargadas de sal demandaban dúas veces por ano os portos de Londres, Bristol, Tenabin e Irlanda (MOREIRA, 1984: 104).

Os bispados e mosteiros galegos tamén importan sal de Portugal e do Mediterráneo e, para asegura-la posesión deste produto, mercan salinas fóra de Galicia, como as que adquire o mosteiro de Sobrado dos Monxes en Moledes, perto de Villafáfila, ó tempo que se fai coa granxa chamada Salinas na ría de Betanzos (PALLARES, 1979: 181). Unha proba evidente de que o sal importado resultaba moi caro témolo no pouco económico sistema de fornos para evapora-la salsa que os bispos de Mondoñedo mandan facer no porto de Ribadeo (RODRÍGUEZ GALDO, 1976: 136-137).

As salinas locais da costa de Pontevedra, que seguramente xa nunca foran suficientemente productivas como para abastece-la demanda, deixan de ter interese a partir do S. XII, por ser máis ventaxosa a importación; desde mediados do S. XIII chegará á esta gran vila pesqueira de Pontevedra, que se está a formar desde o século anterior, sal procedente de Francia e de Portugal. Vai ser Alfonso XI, no Ordenamento de 1338, quen implante o sistema de alfólís e monopolice o comercio e distribución do sal, co que o produto galego desaparece practicamente e o foráneo sufrirá unha elevación de precios e, conseguintemente, dara lugar á aparición do contrabandó (cfr. ARMAS, 1992: 187 ss.). Desde o S. XVI, concretamente desde o 1564 con Felipe II, o sal está estancado (nacionalizado) e a súa necesidade é máis que perentoria e esta situación continuará ata o desestanco de Prim en 1868.

Poderíamos encher páxinas e páxinas tan só amoreando datos alleos sobre a cuestión do sal en Galicia e algunha vez haberá que facelo; pero para este traballo pode chegar coas anteriores citas, escolleitas de xeito caseque aleatorio, pois do que se trata é de plantexar unha carencia importante na nosa economía, dando entrada a un dos moitos intentos de paliala.

★ ★ ★

A mediados do S. XVII fúndase en Pontevedra un Colexio da Compañía de Xesús e vaise converter en patrono do mesmo o pontevedrés, de familia oriunda de Ourense, D. Antonio Mosquera Villar y Pimentel (Cfr. RIVERA, 1989, 355 ss.). O segundo patrón vai se-lo seu fillo D. Melchor Mosquera e Pimentel, Administrador Xeral de Salinas do Reino de Galicia e Principado de Asturias, quen concederá ó Colexio «ciertos sitios llamados del Ullo para fabricar salinas». D. Antonio Caraveo, Provincial da Compañía «en esta Provincia de Castilla la Viexa» dá poder e licencia ó P. Antonio Quindos, Rector do Colexio en Pontevedra, para acepta-la cesión. Asinouse o despacho en Valladolid o 13 de setembro de 1693. Facemos notar que estes datos, como todos os que seguen sobre esta salinas, transcribímolos dunha exhaustiva documentación que obra nun arquivo privado, agradecendo ó seu propietario as facilidades para o seu estudo.

Fixémonos no ano en que estamos e lembremos que a longa guerra contra Portugal fixo que tiveramos problemas de abastecemento de sal, sendo insuficiente,

amais de moi caro, o sal que chega da costa bretona. Hai, pois, unha gran preocupación polo sal e, no mesmo ano en que se conceden as salinas ós xesuítas, varios nobles solicitan licencia ó Concello de Pontevedra para fabricar unhas salinas nas marismas, pastos e baldíos da vila. Non hai noticias de que se chegaran a facer (FORTES, 1993: 406).

Sabemos que a Compañía si vai construír tres salinas: «Launa en el Ullo/o Davaxo, la otra en el sitio de Gordenla y freixeiro y otra en Porto deMuyños», como lemos nun documento de 1727. Nese mesmo documento dáse conta dun pleito que encozema o 29 de outubro de 1726 entre o Colexio e os veciños de San Martiño de Vilaboa. A causa vai ser que os regos de auga que baixan dos montes e van dar ás salinas están sen limpar, e o mesmo pasa co camiño real por onde transitan os «pasaxeiros» e o cura cos sacramentos. As enxurradas «ofenden» as salinas e a Compañía defende que a limpeza é obra dos veciños, que esto xa vén de vello e que deben de limpar presas e gabias unha vez ó mes. O representante destes di que nunca tal cousa fixeron. É máis, engade que das tres salinas só unha está en funcionamento e que antes de chegar a elas teñen os xesuítas uns pastos de sembradura de máis de 150 ferrados por onde baixan as augas, criándose moito xunco e toxo que é o que impide o paso da corrente, facendo que a auga retroceda e perxudique as propiedades dos veciños. Segue a argumentar que nas dúas salinas abandonadas por estériles arrendaron os xesuítas o xunco, toxo e herba a uns particulares, «no pudiendo hacerlo, por ser el pasto común de los vecinos y sólo a estos se les podía primar estando existente dichas salinas y produciendo la sal...». Pide que os veciños poidan aproveitar os pastos, agás na salina que aínda está en funcionamento, e solicita un recoñecemento ocular das mesmas.

Fíxose o tal recoñecemento, que conservamos recollido de xeito absolutamente meticuloso na documentación, o 30 de decembro de 1726 e acordouse que os propietarios lindeiros limparan as gabias ou regos de auga ata chegar ó camiño. Este deberá de ser limpo por tódolos veciños da freguesía, e a Compañía de Xesús deberá de ocuparse da limpeza unha vez que as gabias entren na xunqueira que rodea as salinas. As outras dúas salinas, chamadas «de la Cruz» e «de S. Ignacio» foron tamén recoñecidas e viron que estaban arruinadas e as bancas e banquetas desmoronadas.

Seguen logo moitos documentos con tiras e afrouxas sobre o cumprimento destas obrigas... Pero o que a nós agora nos interesa é destacar que tan poucos anos despois da súa feitura xa están en desuso dúas das tres salinas, e realmente a produción da que aínda funciona debeu de ser sempre insignificante a xulgar pola falta de datos na documentación da Compañía e no propio Catastro do Marqués de Ensenada. Na resposta á pregunta 17 lemos: «Que en dicha feligresía de Vilaboa y lugar que se nombra de Ulló hay una salina a la orilla de la ría de Redondela que baña aquel sitio la cual es perteneciente al Colegio de La Compañía de Jesús de esta dicha Villa... Tampoco pueden decir la porción de sal a que podrá ascender la que se fabrica en dicha salina un año con otro». Engade que o mesmo Colexio ten outras dúas salinas arruinadas, unha no lugar de Larache e a outra no Ulló a carón da primeira, pero que nelas non se fabrica sal desde hai uns trinta anos «por la demasiada fuerza de la mar».

A conclusión que sacamos da reiterada ausencia de datos é a de que estas salinas non deberon de incidir significativamente sobre a provisión de sal que Pontevedra, xa con dous alfolís, demandaba, que segundo parece era de 24.000 fanegas en 1705 (CAAMAÑO, 1968: 5-6). O único dato que atopamos sobre a produción do Ulló é un de 1736 no que se di que produciu a penas 200 fanegas de sal «cuando otras veces daban de 6000 a 8000 fanegas». Cecais por eso tivo que escribi-lo Padre Sarmiento en 1748: «No han de creer los venideros lo que con la *sal* pasa en este Reino, que teniendo más de 150 leguas de costas de océano y con mil sitios para *salinas*, le venga y necesite venir la sal de países extraños...» (SARMIENTO, 1995: 42).

O que si xeraron as tres salinas mentres pertenceron á Compañía foron pleitos continuos, chegando a acusa-los xesuítas ós veciños de que deliberadamente arruinaron a fábrica das mesmas. Os tribunais fallan a favor dos veciños, mandando tira-los muros, pero o Rector da Compañía recorre ó propio monarca e este, Felipe V, di que non se deben derruí-las salinas polos «graves perjuicios» que se lle causarían non só á Compañía, senón á Real Facenda, xa que esta cobraba medio real por cada fanega de sal que o Colexio fabricara. Este fallo ten data de 6 de outubro de 1728, cando xa podemos pensar que as salinas estaban absolutamente improductivas e que o único que interesaba á Compañía era conserva-los terreos; pero o monarca estaba lonxe...

Prodúcese a expulsión e a desamortización dos bens da Compañía e novamente voltamos a atopar documentación sobre as terras que ocuparan as «salinas viejas». Concretamente nunha relación que o escribano Roque Pérez Sarmiento fai en 15 de xullo de 1784. Sabemos así que os veciños de Vilaboa voltan a reclamar os terreos, chegando mesmo ó Exmo. Sr. Conde de Aranda. Todos estes terreos foran arrendados polos xesuítas a Francisco Pérez e Jacinta del Río e posteriormente ó seu xenro Francisco González.

Expulsados os xesuítas e, malia as reclamacións dos veciños de que os pastos pasen a ser zonas comunais, saen estas antigas salinas e xunqueiras circundantes a pública subasta, pero non aparece ningún postor. O 5 de decembro de 1786 comunícase que a banca (o muro de peche pola banda do mar) da salina apareceu arruinada con varios boquetes. Botóuselle a culpa ó mar que estaba a ter grandes temporais por esa altura. A Xunta de Temporalidades da Compañía decide arranxa-los desperfectos. Chama a Pedro Candendo, veciño de Santa María de Mourente e mestre de cantería, para que faga unha avaliación dos danos e un presuposto. Será precisamente gracias a este incidente polo que coñeceremos as dimensións da banca das salinas. Sabemos así que se trataba dun muro con dirección N.-S. de 562 varas e media castellananas, de catro cuartas cada unha, de longo e paredón de cantería, entre 6 e 8 cuartas de ancho e cun reforzo de «tepe» (terra con pedra) dunhas 10 cuartas, o que daría un total dunhas 16-18 cuartas de ancho.

Estes terreos van xerar nos anos seguintes gran cantidade de documentación que vai desde a renuncia ó seu aluguer ata novas taxacións e desembocar por fin nunha transacción. O 20 e febreiro de 1794 os tres terreos das vellas salinas pasan a propiedade de D. Bernardo José de Mier, veciño e Xuíz de Pontevedra. Pagou por todo 31.833 reais e 11 marevedís e un tercio de outro. Falta un chanzo da escaleira e uns anos despois, en 22 de novembro de 1814, vemos que o propietario é un clérigo importante, o Exmo. Sr. D. Pedro de Acuña y Malvar, natural de Salcedo (Pontevedra) que testa a favor de seu irmán, D. Andrés Acuña, facendo constar «que si bolbiesen a estos Dominios los Jesuítas se les restituirá toda la posesión que tiene SE. en el Ulló de Villaboa...»

Pasan estas salinas do Ulló por outros propietarios: D. Ramón Buch aparece citado en 1842 e nos anos seguintes D<sup>a</sup> Manuela Fernández Molina. No testamento de D. Juan José de Arana de 23 de abril de 1853 voltan a aparecer estes terreos (ou mellor unha gran parte dos mesmos, pois outra parte era, como se veu, de D<sup>a</sup> Manuela Fernández) e en 31 de agosto de 1870 lemos que se fai unha cesión a D. José Nazario de Arana. Este, veciño de Zaragoza e residente circunstancialmente en Madrid, nomea apoderado delas e doutros bens en Pontevedra a D. Prudencio Dios, que xa o fora de seu pai D. Juan José de Arana. Sábese porque xa en 1867 este administrador, facendo constar que a finca do Ulló fora adquirida por este último directamente do Estado, presenta unha denuncia contra os veciños que aproveitan o argazo ou ceba que chega ata as salinas con perxuízo para o propietario da finca. A resposta foi que «Este producto es del primer ocupante estando en tierra y si se halla en el agua pertenece con preferencia a los matriculados, de modo que la pretensión del recurrente es viciosa en todos conceptos». Este conflito non rematará aquí, move-

ranse influencias e chegarase á argucia de que o argazo, en chegando a terra é do primeiro que o colla, pero unha vez que entra na finca do Ulló é do dono da mesma. A documentación inclúe un detalladísimo croquis empregado na xustificación deste pretendido monopolio sobre o argazo, facendo ver que non hai camiño exterior para ter acceso ó mesmo.

En 1880 véndese a parte de D<sup>a</sup> Manuela Fernández Molina, na actualidade dividida en dúas partes pro indiviso entre un fillo e unha neta, sobriña do anterior. Esta vende a súa parte ó Sr. Arana, mentras que seu tío o fai a catro labregos de Vilaboa que, previa demanda de retracto daquel, teñen que lle revende-lo adquirido. Todo o conxunto pertence agora a D. José Nazario de Arana que se vai preocupar de facer unha magnífica explotación con varias casas reedificadas e agrandadas e unha extensión de 29 Ha. 56 a. e 86 ca., ou o que é o mesmo 470 ferrados e 1 conca. O conxunto foi taxado, previo desglose, en 567.730 reais. Faise notar que o cálculo fíxose un 30% á baixa, pola penuria pola que están pasando os labregos e que valor e extensión están en función inversa, sendo esta finca moi grande. En 1887 morre o Sr. Arana, pasando os bens do Ulló, xunto cos que tiña en Zaragoza, á súa dona Elisa Pacheco.

Hai xa moito tempo que estas salinas deixaron de selo, convertíndose finalmente nunha gran explotación agraria. Imos rematar, xa que logo, este percorrido facendo constar un documento de 7 de outubro de 1985 no que uns veciños din que a finca «Las Salinas» de 312.000 m<sup>2</sup> foi mercada «en pública subasta hace más de 60 años» e piden que se cambien as normas subsidiarias municipais para poder edificar neses terreos.

Chegados a este punto temos que concluír que efectivamente a historia das salinas galegas segue sen se poder facer, pois despois de manexar unha inxente documentación (aquí só se dou conta dos pasos relevantes) quedamos sen saber cal era o sistema de produción, os métodos de traballo ou a cantidade de sal que se chegou a extraer. Eso si, sabemos que, como era habitual desde a antigüidade, había nas salinas unha zona acotada adicada a viveiro; pero realmente pouco máis é o que poídemos extraer de tanta documentación.

Quixemos, neste traballo adicado a Carlos Alberto, facer algo que a el tamén lle gustaba facer de vez en cando: fuxir das pedras, das cerámicas, dos ruídos da excavación e dar a coñecer, desde o traballo silente de gabinete, unha documentación inédita.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALMEIDA, Carlos Alberto Brochado de (1979): «Salinas medievais entre Cávado e Neiva». Sep. de *Bracara Augusta*. T. XXXIII, fasc. 75-76 (87-88). Braga.
- ALMEIDA, Carlos Alberto Ferreira de (1969): *Romanização das terras da Maia*. Maia.
- ALMEIDA, Carlos Alberto Ferreira de (1972): «A Póvoa de Varzim e o seu aro na antigüidade». Sep. de *Boletim Cultural Póvoa de Varzim*. Vol. XI, nº 1. Póvoa de Varzim.
- ARMAS CASTRO, José (1992): *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*. Galicia Histórica. Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa». I.E.G.P.S. Pontevedra.
- BARREIRO SOMOZA, Xosé (1988): «As Rías Baixas Galegas nos séculos IX-XIII: Economía e Sociedade». *Coloquio de Etnografía Marítima* (Santiago, 1984). Museo do Pobo Galego-Consellería de Pesca, Noia, 245-250.
- CAAMAÑO BOURNACELL, José (1968): *Breves crónicas galaicas*. Madrid.
- CALO LOURIDO, Francisco (1993): «Nacemento das comunidades mariñeiras». *Revista de Guimarães*. Vol. 103, Guimarães, 201-220.
- CALO LOURIDO, Francisco (1996): *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes*. Biblioteca A Nosa Terra. Nós os Galegos. Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- FORTES BOUZÁN, Xosé (1993): *Historia de la ciudad de Pontevedra*. Biblioteca Gallega. La Voz de Galicia, S.A. A Coruña.

- MOREIRA, Manuel Antonio Fernandes (1984): *O Porto de Viana do Castelo na época dos descobrimentos*. Ed. da Câmara Municipal. Viana do Castelo.
- MOUTINHO, Mário (1985): *Historia da pesca do bacalhau. Por uma antropologia do «fiel amigo»*. Imprensa Universitaria. Editorial Estampa. Lisboa.
- PALLARES MÉNDEZ, María del Carmen (1979): *El monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval*. Deputación Provincial da Coruña-Publicacións. A Coruña.
- RIVERA VÁZQUEZ, Evaristo (1989): *Galicia y los Jesuitas. Sus colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII*. Galicia Histórica. Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa» I.E.G.P.S. A Coruña.
- RODRÍGUEZ GALDO, M<sup>a</sup> Xosé (1976): *Señores y campesinos en Galicia. Siglos XIV-XVI*. Editorial Pico Sacro. Santiago.
- SAMPAIO, Alberto (1979): *Estudos Históricos e Económicos. II. «As Póvoas Marítimas»*. Documenta Histórica. Ed. Vega. Lisboa. (1<sup>a</sup> Ed. 1923).
- SARMIENTO, Fr. Martín (1995): *Epistolario*. Disposto por Xosé Filgueira Valverde e M<sup>a</sup> Xesús Fortes Alén. Consello da Cultura Galega. Santiago.
- VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel (1952): «Factorías pesqueras en la Playa de Area». *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos e Lugo*. T. V, nºs 37-38. Lugo, 110-114.




Fig. 1 – UBICACIÓN DAS SALINAS DO ULLÓ NO INTERIOR DA RÍA DE VIGO, (Mapa Topográfico Nacional de España. Folla 185-IV). Vense claramente a aínda existente banca (ou muro de pedra da salina principal) e diversos topónimos referentes a estas actividades, entre os que destaca o do veciño lugar de Paredes.

